

REVISTA QUINCENAL DE CRENTE S GALEGOS

IRIMIA



A terra vai dando froito por si mesma

ANO XXIX • Nº 788 - Do 11 ao 24 de maio de 2009



Letras galegas 2009
Ramón Piñeiro,
de oficio, sementador

A foto que fala



As guerras caladas.
Huambo (Angola). Vítimas das minas agardan para iniciar a fisioterapia no centro ortopédico.
Agustino Neto.

O trasno Esquerda nova

Daniel López Muñoz

Hai algo que non deberían esquecer os que andan a participar no treboento deseño do futuro BNG: só un proxecto –alguén- que represente algo novo pode cambiar a tendencia á marxinalidade política do nacionalismo en Galicia.

E non é unha novidade calquera a que se precisa. As liortas entre faccións, o escurantismo, certas manobras de grupos –e de individuos- , reforzan a imaxe deformada e interesada de que o que se busca é pisar moqueta como sexa, e vivir da política con coche oficial mentres non se poida vivir da xubilación. Así de duro.

Hai quen pensa que o que fai falla é máis esquridismo. Pero non, o que cómpre é menos pose, menos consigna baleira, menos obsesión pola imaxe e máis enxebreza nese “ser de esquerda”.

O esquridismo, no seu rexeitamento visceral de calquera posición que defenda a importancia decisiva da dimensión moral –xa non digamos espiritual- da persoa, bóttalle a culpa de todo “ao sistema”, “ás forzas reaccionarias”, “á manipulación dos medios” e a “Rouco Varela”. O esquridismo non fai introspección,

nin exame de conciencia, non se pregunta polas actitudes profundas, polos valores que realmente se viven e incorporan interiormente, pola autenticidade entre o que se predica “para a sociedade” e o que un vive, pola diferenza entre o ser e o aparentar. O esquridismo non pensa na ecoloxía interior, porque está dogmáticamente convencido de que todo iso é cristianismo reseso ou despreziable “new age”. E así locen certos pelos.

Cando é nacionalista, o esquridismo de pose e slogan, ademais, tende a notarse na fala. Será outro tema, vale, pero que inauténtico soa ese uso desleixado do galego, esa falta de cariño pola enxebreza da fala, ese desprezo sintáctico, cocido de tempos compostos, pronomes mal postos e modismos alleos, iso si, trufados de indispensables Galizas e equipas!

A novidade estaría aí. Non nos documentos, proclamas, titulares. Si no convencemento de que non se pode facer algo novo con estilos vellos, por exemplo o de “todo vale, que tamén o fan os outros”.

A novidade sería ser de esquerda. Con menos retórica e máis fibra moral.



Editorial Ramón Piñeiro

Ramón Piñeiro, dezanove anos despois da súa morte, aínda provoca suspicacia en certos sectores nacionalistas polas decisións políticas que tomou na última etapa da súa vida. Pero antes desa etapa Piñeiro percorreu moitas e, se é culpable de algo, tamén o é de que hoxe esteamos lendo e escribindo esta revista na nosa lingua.

Piñeiro foi un político toda a súa vida, xa desde que aos 16 anos publicou os seus primeiros artigos na revista *Yunque* de Lugo. Malia a súa actividade como membro das Mocidades Galeguistas e o seu labor a prol do Estatuto de autonomía de 1936, o traballo decisivo de Piñeiro hai que procuralo despois da Guerra Civil. Foi el e o pequeno grupo Galaxia os que mantiveron vivo o galeguismo baixo o peso dunha ditadura cruel que tamén o levou a el mesmo ao cárcere. Tanto Piñeiro coma Paco del Riego, Xaime Illa Couto e os outros compañeiros de xeración xogaron con sabedoría as poucas cartas coas que contaban. Piñeiro fixo, ademais, da súa *mesa camilla* o centro onfálico -como diría Pepe Chao- do galeguismo da posguerra. Por ela pasaron as forzas -escasas- do galeguismo do interior e nela foi formando os “galegos conscientes” que quería para a Galicia do futuro.

O que se deu en chamar piñerismo, a extensión do galeguismo a todos os partidos facendo deste movemento algo transversal e non exclusivo do Partido Galeguista, foi unha teoría, sobre o papel, impecable, porque a nosa identidade non debería estar ligada a unha única opción política. Foi así como quixo poñer a andar, nos anos 60, un partido de dereitas e outro de esquerdas.

a Piñeiro debemos a actual lei de normalización lingüística, todo un logro a valorar nestes tempos de acoso

A idea non funcionou e de aí deita unha eiva que aínda padecemos. Se Piñeiro se equivocou ao non reactivar ao Partido Galeguista no momento axeitado, non foi el o único que cometeu erros: outros tamén se equivocaron antes e despois. Se non, non se explica a actual composición do noso Parlamento.

Pero de todas as angueiras de Piñeiro, este 17 de maio debemos reparar, máis ca nunca, no seu compromiso auténtico coa lingua. É a el a quen lle debemos a xestión política para que a Lei de normalización lingüística fose aprobada por unanimidade, un logro que nestes tempos de acoso ao galego vemos aínda máis valioso. Por iso subscribimos as palabras deste labrador de Láncara que se converteu na persoa máis influente de Galicia cando dixo que “somos un pobo dotado dunha lingua e, polo mesmo, dunha cultura. O noso destino -a nosa responsabilidade- é cultivala e ofrecerlle os seus froitos orixinais ao patrimonio cultural humano”.

Rumores de esperanza

Xan Guillén


Ata agora sempre fun de dous equipos de fútbol. Ser seareiro do fútbol dá unhas poucas satisfaccións e moitos desgustos. Agora xa teño un equipo máis que coido que só me dará satisfaccións. É o Cáritas Arousa C.F. A boa xente de Cáritas de Arousa acaba de montar un equipo cun grupiño de subsaharianos. De momento só xogarán pequenos partidos amigables con equipos da zona de Arousa pero se cadra acaban en competición. Os rapaces que xogan no equipo teñen ilusión e gañas ademais dun poderío físico envexable.

Dicía un dos membros de Cáritas que se corren no campo igual que traballan chegarían a primeira división. A isto hai que engadir que a solidariedade non é exclusiva de Cáritas. Axiña o Portonovo que xoga na terceira división lles cedeu parte do seu vestiario deportivo o mesmo que unha tenda de roupa. Solidariedade futbolística.

Veñen de darse os premios literarios Frei Martín Sarmiento onde o xurado é un grupiño de 5.500 nenos e nenas de toda Galicia. Na entrega houbo festa. Se cadra non oíches moito deles e se cadra nin o sabías. Os medios de comunicación andaban a cousas máis importantes. Tampouco saberías o do equipo de fútbol. Non esquezas que son Rumores baixiños, dos que case ninguén sabe nada. A ver se pouco a pouco tamén comeza a medrar o rumor de que a lingua galega está viva. Hai quen non se dá enterado. Feliz día das letras (e dos sons, e das palabras) galegas.



1



3



2



4



A peneira

1

A “Declaración de Foz”, presentada o pasado 19 de abril, incentivará o uso do galego na xustiza. Asinouse nesta vila en homenaxe a Xosé X. Barreiro Prado, que redactou 20.000 sentenzas na nosa fala. **RAMÓN PIÑEIRO** loubou o compromiso de Barreiro como maxistrado da Audiencia de Pontevedra, pola creación de formularios procesuais en galego. Piñeiro afirmou: “Xa podo morrer tranquilo porque a lingua queda en boas mans”. Barreiro continuou construíndo unha linguaxe xurídica anoadora nos expedientes, na edición dos códigos civil e penal, na Revista Xurídica Galega, no Plan de Normalización Lingüística. Ademais implicou á Irmandade Xurídica e a moitos xuíces, que aínda hoxe pulan pola nosa identidade.

2

Os flashes de Obama e compañía non deixaron ouvir o IV Cumio dos Pobos, convocado por **ENLAZANDO ALTERNATIVAS**, en Trinidad. O internacionalismo avanza polas redes sociais do campo e a cidade, en América e Europa: labregos, indíxenas e sindicatos buscan mundos, que substitúan á orde neoliberal que xera miseria. Este cumio enriquecese con debates sobre a soberanía alimentaria e a enerxética, a diversidade e a integración, denunciando os tratados de libre comercio. Dende 1998 os cumios permiten a construción política de movementos populares, con culturas diferentes, transnacionalmente: coordinación, investigación, resistencia, estratexias de comunicación, creación de instrumentos legais innovadores, etc.

3

As **MULLERES** contra o código chii, que permite a violación marital, como posesión do varón. Mentres, Arabia legisla matrimonios concertados: menores vendidas e escravas por catro petrodólares. Marxinadas nas relixións, que ata auspician violencia, coma a ablación xenital a 140 millóns de mulleres, perdendo a liberdade. Na India, a metade cásanse menores, con risco de morte durante o parto. Este patriarcalismo machaca a muller. 200 millóns “desapareceron”, por abortos selectivos e infanticidios, en Asia... A igrexa ten que loitar pola igualdade, como a sociedade civil. Hai 15 anos foron ordenadas mulleres anglicanas, o que tamén, demandou, hai 30 anos, a irmá T. Kane a Xoán Paulo II en EEUU.

4

O 25, Solidariedade Galega co Pobo Saharaui organiza un rastrillo en Lugo, para recadar fondos e traer máis nenos/as, dos campamentos de refuxiados de Tinduf para as “Vacacións en paz”, que se convocan dende hai 15 anos. En 2008 viñeron 846. Xa son 30 anos de espolio do **SAHARA** por Marrocos, ante a falsidade do mundo, que se esquece que hai 10 anos que a ONU urxiu un referendo. Mentres, o invasor fire con minas aos propios cidadáns que se achegan ao seu país. Xa hai 20 anos que Solidariedade Internacional organiza, para voluntarios/as, “Vacacións Solidarias” (cooperación@solidaridadgalicia.org) en Tinduf, para apoiar o desenvolvemento local, en outubro. No verán poden apuntarse para ir a Guatemala, Bolivia, Ecuador.

6




8



5



7



Alfonso Blanco Torrado

5

No "Día dos Museos" mergullámonos nos mananciais da arte, que abrollan en todas partes, co espírito da Festa das Letras. Hai escultores como **IGNACIO BASALLO** (1952), que traballan a madeira coa emoción da linguaxe poética, transmitindo o sentido do espazo a través da escultura figurativa, ou con pezas máis reais, en referencia á vida cotiá, que teñen unha lectura sociolóxica, filosófica, ao xeito de Ramón Piñeiro, que axudan a coñecernos. De Ourense, recanto privilexiado de escultores, igual co Morrazo ou Cambados, que celebra o Ano Cabanillas, coa escultura do "poeta da raza", de Lucas Míguez, escribindo nunha tarde de outono, cando se van celebrar os 50 anos do pasamento. Un artista que dialoga coa paisaxe das Rías Baixas a través de pezas que visualizan a veciños: Valle Inclán, Julio Camba...

6

A loita contra o **NARCOTRAFICO** foi arrastro. Cómpren novos medios para combatalo, senón Galiza vai ser a entrada en Europa. Foron asociacións, coma "Érguete", as que denunciaron esta pasividade, mentres sufrían nas familias as desfeitas da drogadición. Carme Avendaño, a fundadora, segue ollando lonxe para buscar horizontes de saúde, a consumidores e familias. Coma en "Heroína", o filme de G. Herrero, implicando a axentes sociais e políticos, provocando o cambio do Código Penal, intervindo no Parlamento Europeo, asesorando ás administracións arxentina, suíza, etc. A fin, penetrou no Pazo de Baión, incautado, despois da loita das nais. Os narcotraficantes teñen moitos cartos e frean o cumprimento da lei de 1995, que obriga ao embargo dos seus bens.

7

Volvemos a **GANDHI**, no remate das eleccións, o 13. Traballou en Sudáfrica cos compatriotas, discriminados por ser hindús. Loitou contra os ingleses, coa non violencia, e na independencia, a prol dos pobres, polo desenvolvemento rural. Nunha guerra que supuxo o desprazamento de 14 millóns e a morte de miles de hindús, sikhs e musulmáns nas fronteiras. O mahatma ou "alma grande", foi asasinado (1947) por un extremista, que o acusaba de ignorar a hindús, e defender a musulmáns. Percorreu o país co doti, que el confeccionara coa roca, que loce a bandeira. Está a construírse un sistema aconfesional, seguindo a Nehru, despois da independencia. Aínda hoxe hai sectores con fobia aos musulmáns, porque consideran estranxeiras as relixións, fóra da hindú.

8

Mini e Mero van presentar o libro-disco, 'Lembranzas e reflexións de Avelino Pousa Antelo', o 14 de maio no Teatro Principal de Santiago, nesta **FERVENZA** de "bos e xenerosos", na que se alonga o mes das nosas letras. Os tres, mestres a prol do pobo, sen traizonar o seu espírito. Úneos moitos compromisos, como é investigar na nosa cultura popular, a literatura oral, eles no eido musical, dende os anos do Centro Fingoi de Lugo, mesmo achegando innovacións na produción agrícola. Na primeira liña da recuperación da memoria, están a loitar contra o esquecemento das e dos mártires da liberdade. Mini e Mero van recibir o Pedrón de Ouro, o 24, na Casa de Rosalía, en Padrón.

- 
27891 CERVO (Lugo)
 Teléf.: 982 - 55 78 41 - Fax 982 - 55 78 04
 e-mail: sargadelos@sargadelos.com
- 
O CASTRO DE SAMOEDO
 15168 Sada (A Coruña)
 Teléf.: 981 - 62 09 37/62 02 00
 Fax: 981 - 62 38 04
 e-mail: ocastro@sargadelos.com
- 
Rúa Nova, 16
 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 Teléf.: 981 - 58 19 05 - Fax 981 - 58 58 88
 e-mail: galeriasantiago@sargadelos.com
- 
Real, 56
 15003 A CORUÑA
 Teléf.: 981 - 22 26 04 - Fax 981 - 22 26 04
 e-mail: galeriacoruna@sargadelos.com
- 
Provença, 274 - 276
 08008 BARCELONA
 Teléf.: 93 - 215 03 68 - Fax 93 - 215 01 79
 e-mail: galeriabarcelona@sargadelos.com
- 
Zurbano, 46
 28010 MADRID
 Teléf.: 91 - 310 48 30 - Fax 91 - 310 48 30
 e-mail: galeriamadrid@sargadelos.com
- 
Habana, 12
 32003 OURENSE
 Teléf.: 988 - 37 09 26 - Fax 988 - 37 09 28
- 
Rubalcava, 30 - 32
 15402 FERROL
 Teléf.: 981 - 35 37 14 - Fax 981 - 35 37 16
 e-mail: ferrol@sargadelos.com
- 
Pza. Sto. Domingo
 27001 LUGO
 Teléf.: 982 - 22 78 04 - Fax 982 - 24 49 13
 e-mail: sargadeloslugo@terra.es
- 
Urzáiz, 17
 36201 VIGO
 Teléf.: 986 - 22 00 50 - Fax 986 - 22 04 74
 e-mail: info@galeriasargadelos.com
- 
Oliva, 24
 36001 PONTEVEDRA
 Teléf.: 986 - 85 25 84 - Fax 986 - 85 79 18
- 
Pza. de España, 2
 27400 MONFORTE DE LEMOS
 Teléf.: 982 - 40 26 57 - Fax 982 - 41 60 33
 curgal@curgal.com
- 
Conde de Fenosa, 38
 32300 O BARCO DE VALDEORRAS
 Teléf.: 988 - 32 05 86
- 
Rúa Castelaio, 52
 36980 O GROVE
 Teléf.: 986 - 73 09 68 - Fax 986 - 73 23 34
 espiroide@yahoo.com
- 
Calvo Sotelo, 8
 36680 A ESTRADA
 Teléf.: 986 - 57 52 46 - Fax 986 - 57 02 94
 sargadelos@aestrada.com



Política Ideoloxía ou prexuízo?

Pedro Pedrouzo Devesa

Cal é a liña que separa a ideoloxía do prexuízo?

A ideoloxía foi pensada como unha utopía, un lugar cara onde ir, un conxunto de valores que consideramos esenciais na organización dunha sociedade e deben guiar as nosas accións. Tradicionalmente houbo ideoloxías liberais, co acento na liberdade de cada persoa; ideoloxías sociais, co acento na igualdade; ideoloxías nacionalistas, co acento no berce cultural; ideoloxías feministas, co acento na desigualdade de xénero, etc. Cada unha delas rebelouse contra distintas formas de inxustiza. A ideoloxía persigue un fin; non marca os medios que se deben seguir: marca os fins aos que hai que tender.

Ao longo da historia moitos colectivos asumiron como razón de ser a loita contra unha determinada forma de inxustiza: os sindicatos loitaron contra a opresión laboral; os ecoloxistas, contra a contaminación; os movementos do terceiro mundo contra a opresión dos países ricos, etc. Todos se guiaron por un afán de xustiza que puntualizaba o aspecto que consideraban máis grave. Descuberta unha inxustiza, as persoas máis sensibles a ela organizábanse para loitar na súa contra, buscando poñerlle fin.

Non abonda con ser conscientes dunha inxustiza para dar coa solución.

Porén, non abonda con ser conscientes dunha inxustiza para dar coa solución, nin para vencela. Si serve para chamar a atención sobre ela e aunar vontades para que sexa toda a sociedade quen loite. Pero as solucións propostas poden non ser as máis adecuadas, ou ben pode que haxa distintas solucións diferentes para atacar unha inxustiza. Quen di cal é a mellor? Non será a primeira vez que os enfrontamentos máis enconados entre dúas persoas sexan, non por ter distinta idea de xustiza, senón por ter distinta idea de cal é a forma de vencela. Rivais dentro dun mesmo grupo, os máis cercanos adoitan ser, con relativa frecuencia, os máis odiados. Cando estamos diante de persoas que, estando dacordo no esencial, diverxen nos medios, o conflito está servido.

Son moi frecuentes as historias de escisións de grupos que son incapaces de centrarse na súa ideoloxía, relativizando os medios que cada un cre imprescindibles para defendela. Os prexuizos aparecen cando sacralizamos os medios e esquecemos a ideoloxía.

Diferenciar ideoloxía de prexuizos, é dicir, diferenciar os fins dos medios, é difícil, pois téndense a fusionar nunha única alternativa. Para moito activista, non aceptar os seus medios supón renunciar á ideoloxía. Un dos grandes problemas da esquerda a comezos deste século é, e será, diferenciar claramente entre ideoloxía e prexuizos: saber cales son os principios irrenunciáveis e cales son os medios posibles para acadalos, sabendo que, se nalgún momento algúns foron útiles, agora poden non ser tan válidos. Pode ser que respondan máis á preguiza intelectual que a unha militancia activa.



O Peto do Santo Antón

Rubén Aramburu

Traio novas e boas. O amigo Vicente Cerdeiriña, cura de Poio, vén de recibir unha grande homenaxe por parte dos veciños ao cumprir 30 anos de párroco. Tamén se uniu o Concello que o gabou polo seu compromiso ininterrompido coa lingua galega. A parroquia do Divino Salvador de Poio ten unha chea de publicacións relixiosas, todas en galego, e sobresa a folla parroquial, que antes se chamaba Tambo, e era voceira de varias freguesías. Parabéns a Vicente e oxalá o seu exemplo anime a moitos párrocos a coidar a lingua que é agasallo de Deus.

Tamén o noso Miguel Fernández Blanco, irimego de sempre, é agasallado por moitísimos amigos ao cumprir 50 anos de cura comprometido coa xente e co país. Desde a Limia acode sempre a reunións, romaxes, irimianzas, asembleas...aportando bondade e ánimos. Hai que contar un día o seu traballo nas cooperativas, o seu empeño por facer de Galiza un país de xustiza e progreso.

Aguiño tamén celebra 50 anos, pero como parroquia. O día 9 houbo grande festa, e nomearon amigos de Aguiño a Manolo Espiña, Manolo Dourado e Chao Rego. O bispo Xulián celebrou a misa de aniversario. No fondo sempre presente o mariñeiro que largou as primeiras redes nas augas parroquiais: Paco de Aguiño, que dende a gloria segue a animar á comunidade.

E remato cun aniversario ben bonito para nós. A familia franciscana celebra os 800 anos da aventura que comezou o pobriño de Asís, aló na Umbria italiana. 800 anos de presenza na nosa terra, cando pasou polas abas do Monte Pedroso e decidiu que aquelas chousas de carboeiros facían un bo convento de frades pobres. Que San Francisco nos devolva a santa pobreza, a alegría e humildade para sermos pobres de Xesús nun mundo que presume de ricachón.



O CARRABOXO UOXO por RUBÉN ARAMBURU



Entrevista Ramón Piñeiro, de oficio sementador

Nusca Senín



Beatriz García Turnes.

Beatriz García Turnes, que foi membro da mesa de redacción de Irimia, é profesora de Lingua no Ensino Secundario. Galaxia acaba de publicar o seu libro titulado “Vida e Obra de Ramón Piñeiro” e, sobre este senlleiro personaxe, a quen se dedica o día das letras deste ano, conversei con ela.

Por que se homenaxea este ano a Ramón Piñeiro na festa por excelencia da lingua e da literatura galegas?

Ui!, por moitas razóns. Piñeiro puido ser unha figura controvertida dende o punto de vista político, pero dende o punto de vista do seu papel na defensa durante o franquismo da cultura galega en xeral, e da nosa lingua e literatura en particular, a súa importancia é indiscutible. De feito, a min a homenaxe a Ramón Piñeiro paréceme fundamental porque nos dá pé para ir máis aló da súa figura e coñecer algo que é moi relevante para entendermos a situación actual do galego: a represión lingüística e cultural da posguerra. O momento histórico no que Piñeiro desenvolveu o groso da súa actividade merece ser traído á luz e á reflexión.

E nese contexto represivo, cal é o papel de Ramón Piñeiro?

Máis ca un papel, ten catro (ou máis). O primeiro é o de denunciante da represión cultural do Estado español sobre as culturas periféricas. En 1954, Piñeiro argallou unha estratexia para difundir o folleto *Denuncia ante da Unesco da persecución do idioma galego polo Estado español* na VIII Asemblea Xeral deste organismo no que España, cun réxime moi necesitado daquela de recoñecemento internacional, lograra entrar dous anos antes. O documento foi repartido en inglés, francés e galego durante a asemblea celebrada en Montevideo e ía asinado por varios centros galegos de América, aínda que o redactara Piñeiro. Causou grande impacto

entre os delegados asistentes e colleu completamente fóra de xogo á representación española, que reaccionou relaxando un pouco a presión sobre as linguas periféricas. Mais este é un acontecemento significativo, pero puntual. O que ocupou a vida de Ramón Piñeiro foron outras dúas cousas: a súa mesa de braseiro e o seu labor como director cultural da editorial Galaxia.

Mesa de braseiro?

Nos anos 50 os galeguistas decatáronse de que, grazas ao férreo control ideolóxico que exercía a ditadura franquista, as novas xeracións estaban medrando sen saber nada da existencia dunha cultura galega diferenciada. Así pois, encargáronlle a Ramón Piñeiro a misión de instalarse en Santiago de Compostela para tomar contacto cos mozos que acudían á que daquela era a única universidade de Galicia. Foi así como pola súa casa pasaron a partir dos anos 50 todos cantos mozos con inxerencias intelectuais chegaban á cidade do Apóstolo. Piñeiro conversaba con eles arredor da mesa de braseiro que tiña instalada no seu estudio. Seica escoitaba máis ca falaba e que ofrecía unha das poucas visións críticas, diferentes do discurso oficial, ás que naquel tempo era posible acceder. Dende ese espazo, Piñeiro descubriu a vocación literaria de moitos dos escritores en galego da posguerra e dos primeiros anos da democracia ou orientou a carreira de futuros estudosos da historia, da lingua e da literatura galegas.

Fálanos agora do seu papel en Galaxia

A editorial Galaxia naceu en 1950 para dar resposta á mesma preocupación. Foi unha estratexia para darlle cobertura legal ao galeguismo co fin de que este puidese levar a cabo o seu plan de facer visible unha lingua, unha literatura, unha cultura galega diferenciadas. Como director literario de Galaxia, Ramón Piñeiro tivo un papel decisivo na elaboración do plan de publicacións da editorial e, en xeral, na súa orientación. Galaxia quixo ser un espazo que servise de ponte entre os escritores en lingua galega de antes da guerra, descoñecidos para a mocidade, e os novos autores que se decidisen a publicar na nosa lingua. Tamén se planeou dende o principio abrir unha colección de materiais (ensaios e manuais) directamente orientados a espertar a conciencia galeguista. Mais a publicación estrela de Galaxia foi *Grial*.



Don Ramón

isto último, *Grial* e, en conxunto, Galaxia, puxo especial coidado en favorecer o cultivo dos xéneros literarios menos presentes na nosa literatura de posguerra e, dunha maneira especial, do ensaio. Cultivar ensaio en galego supoñía demostrar a capacidade da lingua para sobardar os límites do

imposicións e limitacións externas a ela mesma. Os promotores de *Grial* e de Galaxia eran ben conscientes da transcendencia que tiña a publicación de prosa non ficcional en galego, mais non foron os únicos que se decataron das implicacións ideolóxicas e políticas do seu labor.

Cultivar ensaio en galego supoñía demostrar a capacidade da lingua para sobardar os límites do sentimentalismo, do mundo afectivo e familiar.

Por que?

Xa dende antes mesmo da fundación da editorial se acariciou o proxecto dunha revista que, dende o principio, se viu como unha plataforma destinada a presentar o labor conxunto de todo o colectivo galeguista, pois as persoas que formaron Galaxia sempre tiveron presente que o seu tiña que ser un labor de equipo, non de individualidades. Asemade, *Grial* estaba destinada, non só a facer visible a cultura galega, senón tamén a facilitar a incorporación a esta do mellor e máis novo da cultura universal e mais a contribuír ao prestixio da lingua. Para conseguir


sentimentalismo, do mundo afectivo e familiar. O ensaio en galego permitía constatar as posibilidades deste idioma no eido da racionalidade, así como a súa idoneidade para tratar calquera temática con rigor e precisión; é dicir, as súas potencialidades de cultivo e de promoción en todos os ámbitos. Unha lingua que valía para falar seriamente de metafísica, ou de arte, ou de economía, ou de psicoloxía... por que non había ter presenza en todos os niveis do ensino, nos medios de comunicación, na Administración, na vida pública en xeral? Evidentemente, non pola súa incapacidade intrínseca, senón por

En quen estás pensando?

Estou pensando nas autoridades e nos problemas que *Grial* tivo coa censura. Cando *Grial* naceu non se concedían autorizacións para novas publicacións periódicas, mais no canto de aprazar o seu proxecto dunha revista, en Galaxia idearon dar ao prelo unha colección composta por volumes monográficos de autoría colectiva que saíron con periodicidade trimestral e que tiñan, ademais, seccións fixas. Saíron catro números da Colección *Grial* antes de que as autoridades reaccionasen ante un proxecto que dignificaba a galega como cultura europea e, sobre todo, que promovía a lingua do país máis

Entrevista Ramón Piñeiro, de oficio sementador

Nusca Senín



Portada do libro de Bea sobre Piñeiro.

alá dos estreitos límites que o réxime franquista lle tiña reservados.

Parece ser que foi precisamente o artigo de Ramón Piñeiro “Siñificado metafísico da saudade”, que axiña chamou a atención de intelectuais galegos e portugueses, o que acabou de espertar a besta durmida. O primeiro número da Colección *Grial*, onde se publicou, foille enviado ao falanxista Juan Aparicio, daquela director do diario *Pueblo* de Madrid, que non dubidou en sacar no seu xornal unha irada carta dirixida ao ministro de Xustiza en que, entre insultos a Piñeiro, animaba á represión de quen tiña a ousadía de escribir de filosofía en galego. Poucas semanas despois desta denuncia, quizais en resposta ao seu celo en defensa da ideoloxía do réxime, Aparicio foi nomeado director xeral de Prensa. Unha das primeiras medidas que adoptou dende ese cargo foi a suspensión da Colección *Grial*. Xosé Manuel Dasilva atribúelle tamén a Juan Aparicio a prohibición para que Galaxia

publicarse. Piñeiro decidiu continuar sacando do prelo libros colectivos, pero sen integralos nunha colección nin darlles número. Nalgúns deses volumes foi publicando outros ensaios sobre a saudade. En 1963, chegou Manuel Fraga ao Ministerio de Información e Turismo. El autorizou novas publicacións periódicas, entre elas, a revista *Grial*.

Antes falaches de catro papeis diferentes na defensa da lingua e da literatura galegas. Xa te referiches a tres, pero fáltanos un.

En realidade, xa fun falando del tamén. É o seu papel de tradutor e de escritor de prosa non ficcional en galego.

Mais Piñeiro non ten unha obra abundosa.

Non, é verdade. Ramón Piñeiro puido dar un prolífico filósofo e ensaísta, mais dedicou moito tempo da súa vida a sumar vontades para a causa da lingua e da literatura galegas, para promover que os demais escribisen, para que outros publicasen na nosa lingua. En todo caso, ademais de mirala dende un punto de vista cuantitativo, a súa obra hai que valorala dende un punto de vista cualitativo. Á calidade e claridade da súa prosa, ao seu dominio do galego, como corresponde a quen o mamou e o cultivou, hai que sumar o valor sociolingüístico que tiña o facer ensaio filosófico en galego.

Quédanos algo?

En realidade, si. Por exemplo, Piñeiro tamén se interesou e traballou pola elaboración dunha norma para o galego culto e, ademais, ten un par de escritos onde se mostra como introdutor en Galicia dunha nova disciplina, a sociolingüística, e para a análise da situación da nosa lingua.

Vamos, que empezamos, e non paramos

Se nos deixan...

Piñeiro adicouse á causa da lingua, a promover que outros escribisen, polo que el ten poucas obras de seu.

publicase a tradución do texto de Heidegger *Da esencia da verdade*, tradución elaborada por Ramón Piñeiro e Celestino Fernández de la Vega e á que o primeiro lle atribuíu unha clara significación política. A pesar de que o censor encargado de revisar o texto non viu no seu contido obstáculos á publicación e emitiu informe favorable á súa saída do prelo, esta foi denegada durante varios anos.

Mais *Grial* volvería saír nos anos 60

Si, en realidade nunca deixou de

O noso taboleiro Temos Historia, facemos porvir



detalle do castelo de Maceda

Celebración do San Cidre en Maceda, Ourense 16 de maio

Un ano máis a xente dos grupos do Movemento Rural Cristián de Galicia xuntarémonos para a celebración do día da xente do campo, o San Cidre. Vímolos facendo desde o ano 1985, cando o celebramos por primeira vez en Melide; e, seguindo co costume que fomos establecendo, cada ano imos a un punto diferente de Galicia, por aquilo de saír e ver e coñecer Galicia; por aquilo de coñecer outras realidades que teñan que ver co mundo rural; por aquilo de aprender compartindo con que nos acolle. Así que este ano farémolo en Maceda, Ourense, onde o cura Manolo Vences e a súa xente se responsabilizarán de todo o necesario para que a xornada sexa unha xornada ben proveitosa e feliz.

O lema co que celebraremos este ano é o de “Temos historia, facemos porvir”; un lema escollido en parte porque así é a nosa realidade da aldea: temos unha historia densa, moi densa, marabillosa polo menos no referente á entrega coa que a xente do campo apostou por unha vida digna na aldea, máis aló de que algunha vez houbese erros e fracasos nos camiños emprendidos; e, ademais diso, as persoas que integramos os grupos do Movemento Rural, xuntamente con outra moita xente que cada vez máis valoran o campo no que é e no que pode ser, colaboramos para facer un porvir igualmente digno para a xente que opte por seguir facendo vida na aldea.

E, por se iso fose pouco, este ano aproveitaremos a festa do San Cidre para facer unha presentación dun libríño que acaba de editar o Movemento Rural Cristián de Galicia que leva por título *Terra de seu*. Recolle os 24 capítulos dunha historia do campesiñado galego que foron saíndo durante seis anos na revista do Movemento Rural *FERVENZA*. Manolo Regal foi o encargado da organización deste material que tanto significa para nós.

Así que, calquera que sexa o lector ou lectora, estades invitados a esta festiña, que terá o seguinte desenvolvemento: de 11 a 12 da mañá acollida dos romeiros onda a igrexa de Maceda; ás 12 a celebración, ás 14 o xantar, e logo a festa e o baile, ata que nos marchemos para ir ver algo do moito fermoso que hai no entorno de Maceda. Quen veña, seguro que quedará alimentado na súa fe cristiá, poderá compartir comida, ledicia, preocupacións e ilusións coa máis xente, e sairá animado a querer e respectar algo máis o mundo rural, que, como sabemos, desde hai moito tempo non anda nas súas mellores horas.

Para chegar ata Maceda, non hai máis ca ir ata Ourense, e alí coller a estrada que vai a Trives-Ponferrada; a uns 20 km., no alto do Couso, coller a derivación indicada que nos leva en 5 km. máis ata Maceda.

Juan Masiá Caravel, teólogo



De Xerusalén a Emaús viaxaban a pé tres camiñantes ao mediodía do domingo (Lc 24,13). Cleofás con cara de circunstancias (Lc 24, 17), Myriam exultante (Mt 28, 8), Lucas morriñento.

“Alegra esa cara, home”, di Myriam a Cleofás cunha palmada no ombro, “a mañá está fermosa, escampou, brotan flores na veiga e chegou a primavera (Cant. 2,11); ceo azul, arrecendo de romeu e tomiño, amendoeirás coma neve, nardo, enebro e azafrán, canela e cinamomo? (Cant.4,14)?”.

”Non estamos para esas bobadas, Myriam”, di Cleofás”. “Pero, irmáns, cantas veces terei que repetilo para que me creades? (Mc 16, 10?11) Xa vos dixen que está vivo o Alfa e Omega, o que Vive (Ap 1,17-18), que o vin de madrugada (Jn 20,1), estaba como nunca, radiante (Mc 9,3). Dixo que nolo imos a atopar en Galilea (Mt 28,7), que vai por diante (Mc 16,7), eu quería abrazalo con toda a alma e corpo, estreitar a súa cabeleira mentres lle bicaba, pero primeiro era o de subir a Abba (Jn 20,17), logo a Ruah daríanos ollos do corazón (Ef 1,18) para verlle e sexto sentido, para caer na conta de que penetrou no máis dentro do noso dentro como non penetra nin o abrazo máis íntimo neste mundo (Jn 14,23)”.

”Cala, cala, soñadora, que nos pos máis tristes”, dixo Cleofás. “As mulleires sodes ilusas”, dixo Lucas. “E os homes? corazóns pechados en cuncha de tartaruga, tedes ollos que non ven e oídos que non entenden (Mal, 3,1; Lc 7,27), non sodes quen de tocar o corpo do Unxido en lirios e pardais ou na brisa que acariña o centeo?(Jn 20-25; Jn 4,35; Mt 6,25-28)”.

Así dicía Myriam cando se lles achegou un peregrino, alto, moreno, de turbante ladeado a estilo galileo. “Shalom, raparigos. ¡Que cousas tan preciosas di a vosa compañeira de camiño!”. “Shalom, contestaron eles de mala gana. “Por que esas caras longas?”, dixo o do turbante. “Es ti logo o único que está na lúa esta

* Tomado de “Religión digital”

mañá? Non sabes o do Gólgota?”. “Non, que foi logo”? “Pois o de Xesús, o mellor home do mundo, o inocente que non debía morrer, pero levárono por diante os dous poderes: a xerarquía relixiosa e a política. Nós deixámolo todo para enrolarnos no seu movemento de liberación, involucrounos na lea ese das Redes do Reino, puxeramos a esperanza nel (Lc 24, 16-21). Jesús era o que se di bo, partía o pan con pobres, a ninguén negaba o seu viño (Jn 6), era un tenro amigo de todos e encargounos difundir a tenrura (Jn 13, 34-35). Pero... todo finou, agora está baixo a laxe e os mortos na tumba non poden cantar a gloria (Baruc, 2,17)?

Mentres así se desafogaba Cleofás, Myriam e o do turbante intercambiaban miradas significativas. E dixo o do turbante, dirixíndose a Cleofás e Lucas: “É que vós non ledes as Escrituras? Tiña que ser así, pasou o que sempre pasa na historia, o mal gana, as curias involucionistas derrotan ás correntes conciliares renovadoras, ao inocente liquidano, ditadores e inquisidores conspiran a unha contra a persoa xusta (Ps 2), pero Abba xustifícao e dálle a razón (Act 2,24), e vén a Ruah para libralo do Sheol e introducílo na Vida máis aló da morte (Rom 8,11;Rom 1,3; 1Tim 3,16; 1Pe 3,18). Iso chámase Éxodo (Lc9,31) e Pascua (Jn 12,1). Recoñecer o seu rostro ao partir, compartir e repartir (Lc24,31-32) orixina lugares de transfiguración por todas as partes (Mc 9,2ss.; Mt 17,1ss.; Lc 9,28ss.)”.

Así dicía cando chegaron a unha revolta con sombra. Era mediodía e ían cansos. Detivéronse a repousar baixo unha figueira. Myriam sacou do seu fardel un anaco de pan e, por detrás de Cleofás, pasoullo ao do turbante. Aproveitou para gozar o contacto coa súa man dereita suarenta, mentres el devolvíalle a caricia apertándolla coa outra man.

”Peregrino, vas necesitar isto para persuadirilles”, dixo Myriam, e pasou-



lle tamén unha cunca de viño. O do turbante tomou o pan e o viño e, ante a mirada desconcertada de Cleofás e Lucas, elevou os ollos ao ceo e comezou a partir o pan (Mc 6,40?41). “¡Logo es ti!”, exclamaron xuntos Cleofás e Lucas, recoñecéndoo.

Nese instante desapareceu da súa vista (Lc 24, 32-35). Estaban os dous pampos. Ante eles soamente estaba Myriam de pé, cun pan partido nas súas mans. Nunca brillaron tanto os sedutores ollos acibeche de Myriam como naquel momento, mentres dicía mirando ao ceo: “Abba, envía a Ruah para que transforme o que este pan e viño simbolizan e consagre a vida de quen o comparten, converténdoa en Corpo do que Vive para vida do mundo. Este é o enigma no que cremos quen revivimos a súa presenza cada vez que repetimos as súas palabras e practicamos o seu camiño”.

Alongou Myriam o pan a Cleofás e Lucas, que seguían apampados”. En que quedamos, eras ti ou era el ou foi só un soño? Non sería unha ilusión?”, preguntaban. “Irmáns, dixo Myriam, quen me ve facendo o que el fixo, veo a El e así ve a Abba?(Jn 14,9)”.

”Pero, onde marchou? Por onde veu?”. “Nin marchou, nin vén, irmáns, como dicían os budistas, nin o Así-Ido, nin o Así-Vido, o Tathâgata

é o Así-Sempre-Presente, que dicían en Afgán os mestres aqueles que me ensinaron de pequena a descubrir na flor do loto o camiño da iluminación. Cando llo contei a Xesús un día, sorríume dicindo que tamén alí estaba funcionando a Ruah, que sopra onde quere e como quere (Jn 3,8), nas espiritualidades irmás, sen que che decates. Por iso calquera fillo de home e muller que se deixa levar pola Ruah esperta e vive desa Vida”.

Cleofás e Lucas, por fin, acordaron”. Como non nos demos conta, se as súas palabras eran de vida, ...refrescounos a cabeza e caldeounos o corazón con ese xeito tan orixinal de ler as Escrituras? (Lc 24,32)

”Pois veña, en marcha, dixo Myriam, correndo a Xerusalén, isto hai que contalo, que corra a noticia e se estenda o movemento (Lc 24,33; Jn 20,18; Mt 28,11; Mc 16,7). El vive, é o Vivente, é a Resurrección e a Vida”.

”Isto xa non hai quen o pare, o de Xesús vai estar vixente por séculos, a pesar das relixións e os seus xefes, a pesar das inquisicións e ditaduras, a pesar das persoas descorazonadas ou descerebradas, pese a quen pese, o del prevalecerá (Mt 16,18), que é máis forte que a morte o amor deste amor meu...(Cant. 8,6)”.



A Coruña 22/4/2009

Na revista Irimia nº 780, debaixo da sonrisa acolledora e tenra de Agustín Bueno dise: “Só a bondade permanece”. Certo, pero paréceme que podía completarse engadindo tamén “o servizo aos demais”.

Remedando a Castelao, podemos dicir de Agustín (a quen botamos moito de menos), que a doazón do seu corpo á ciencia foi “a derradeira lección do mestre”.

Por se algún de vós estades interesados no tema, dígovos que o trámite é do máis doado: unha chamadiña ao Departamento de Ciencias Morfolóxicas da Universidade de Santiago (tfno. 981 563 100 Ext. 12301). Recibirídes toda a información que queirades. Aos poucos días envían a folla coas explicacións e máis outra para cubrila cos datos persoais, e tamén a sinatura e o DNI de dúas testemuñas familiares. Remitides todo por correo, e a volta de poucos días teredes o carné de doador..., e rematou, ata que Deus quixer, como di a nosa mestra Celia Castro.

Emilio e máis eu xa temos os nº 740 e 741 respectivamente.

Graciñas, Agustín!, por axudarnos a caer na conta deste servizo, que coido que pode valerlle a outros.

Apertas,

Loli Cambón.

P.D.

Quero aproveitar esta carta para agradecerlle a Daniel o seu artigo do Trasnó “Holocausto Negro”, da revista nº 785, onde fala sobre a SIDA en África, aclarando a complexidade e magnitude do drama que viven alí. Remata sinalando o *inmenso dano* que fan as declaracións e recomendacións do Papa Ratzinger sobre os preservativos. É abraiante o lonxe que está a xerarquía da Igrexa da realidade e das necesidades da xente. Isto parece non ter remedio.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística



EDITA: Asociación A. IRIMIA

FEITO EN PAPEL RECICLADO

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.



COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto e Marisa Vidal.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luis Aldegunde.

SUBSCRICIÓN: Apdo. 980 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 655 028 253

SUBSCRICIÓN: ordinaria: 24 Euros. de Apoio: 36 Euros. **Correo electrónico** - irimia@wanadoo.es

CONTA: Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana, nº 8 - Santiago / BBVA 0182-0267-15-0207905484

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.300 exemplares **DESEÑO E MAQUETACIÓN:** Níña, Riveiro, Martínez

IMPRIME: Artes Gráficas LITONOR S.A.L. **DISTRIBÚE:** IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://www.vieiros.com/canaís/26/canal-irimia>

Boa Nova



O ECO

Lin estes días que a risa é a distancia máis curta entre dúas persoas. É algo no que nunca pensara, mais que xa sentira moitas veces. Por sorte, non todo o que nos pasa, pasa pola nosa cabeza. A alegría é un estado de ánimo que rapidamente se contaxia (aínda que sexa contraproducente falar disto en tempos da histeria da gripe a). Nada me impacta máis que esas persoas que, tal cal fachos, irradian a alegría que posúen alá por onde van. No que eu chamaría un problema, eles atopan unha oportunidade e onde eu vexo persoas eles observan alguén con quen compartila. Seguramente serán un perigo, porque non paran de referirse a eles coma ilusos ou mesmo utópicos.

José A. Martínez

A PALABRA

Domingo 17 de maio. 6º Domingo de Pascua

Xn 15, 9-17

Naquel tempo, dixo Xesús aos discípulos: "Coma me amou o Pai, así vos ameí eu: permanecedes no meu amor. Se gardades os meus mandamentos, permaneceredes no meu amor, coma eu gardei os mandamentos do meu Pai, e permanezo no seu amor. Díxenvos estas cousas, para que a miña alegría estea en vós, e a vosa alegría sexa plena. Esta é o meu mandamento: que vos amedes uns a outros como eu vos ameí. Ninguén ten amor máis grande ca este: que un dea a súa vida polos amigos. Vós sodes amigos meus, se facedes canto eu vos mando. Xa non vos chamo servos, que o servo non sabe o que fai o seu señor: a vós tratareivos de amigos, pois todo o que lle oín a meu Pai déivolo a coñecer. Non me escollestes vós a min, senón que vos escollín eu a vós; e púxenvos para que vaiades e levedes froito e o voso froito permaneza; de este xeito que todo o que lle pidades ao Pai no meu nome, volo conceda. Mándovos isto: que vos amedes uns a outros".

A CLAVE

Permanecedes no amor

Hoxe atopámonos con este fondo pasaxe que sempre nos resulta tan familiar e á vez tan cheo de misterio. Está situado dentro do segundo dos dous discurso de despedida que o evanxeo de Xoán nos ofrece no contexto da derradeira cea de Xesús.

Estes discursos teñen a función de afondar na identidade de Xesús para preparar os seus/súas discípulos/as para afrontar a vida cando el xa non estea en medio deles e delas. Nun momento de gran intimidade Xesús revélalles o mandamento do amor co que sintetiza todo o que el recibiu do Pai (15, 15). Ese mandamento focaliza toda a experiencia vivida co mestre nos tempos de itinerancia por Palestina e plenifica o camiño de achegamento a súa persoa que se fora progresivamente manifestando dende o comezo da súa predicación (15, 10-11).

A comunidade que escoita este evanxeo séntese identificada con estas palabras de Xesús pois ven de ser expulsada da sinagoga (16,2) e esta a procura de deseñar a súa identidade coma grupo. O Espírito vai ser a partir de agora a súa guía e mestre (14, 15-31) e cada un nos membros da comunidade debe manterse unido a Xesús coma único Señor (5, 1-8).

Xesús chámalles aquí amigos o que está a indicar un tipo de organización non xerárquica senón horizontal da comunidade. O único que elixe e Xesús (15, 16), os demais son convocados a estar o seu lado e compartir a súa intimidade (15, 11), é dende o amor dar froito na fe (15, 16)

No amor centrase a vida da comunidade (15, 17) coa mesma fondura que brotou do xesto de Xesús cando na cea axeonllouse para lavarles os pes (13, 4-5).

Carme Soto

Falando da lingua Que significa liberdade?

Lidia e Valentina



Nena ante as múltiples posibilidades de elección que pode ofertar o sistema educativo.

Visto o visto... imos comezar esta lingua centrándonos na semántica. Primeiro paso, ir ó dicionario para recordar a definición de dous termos fundamentais en toda sociedade democrática, que parece que hai sectores da poboación, gobernantes incluídos, que empregan sen saber o que significan.

Liberdade:

Facultade e dereito das persoas para obrar segundo os seus criterios, sen mandato ou imposición.

Liberdade individual: Estado dos cidadáns que son libres en todo aquilo que a lei non prohíbe explicitamente.

Lexislación:

Conxunto de leis que regulan a vida xurídica dunha comunidade, ou unha rama determinada da actividade dunha comunidade.

Lexislación educativa: Conxunto de leis que regulan a educación.

Entón non entendemos a última mensaxe do goberno: “liberdade para que o alumnado, e parece que tamén o profesorado, escolla a lingua que quere empregar nas aulas”.

Isto significa que non entenden o significado de “lexislación educativa”: hai unhas leis que regulan o uso do galego no ensino que pretenden que nos centros se impartan polo menos o 50% das materias en galego para que o noso alumnado saiba ben as dúas linguas. Xa vos contamos isto aí atrás, recordades? Se a lexislación di isto e a liberdade individual non pode ir en contra do que se di na lei, entón... que significa que o alumno escollerá?

Tamén vai poder escoller cando se quere estudar a revolución rusa, a sintaxe, a literatura medieval, as ecuacións ou a célula?

Tamén vai poder escribir todo con b porque o v non lle gusta? ou todo sen h?

Tamén vai poder escoller que profesor quere que lle dea clase en cada materia?

Tamén se lle vai deixar liberdade para facer ou non os exames?

Tamén vai poñer as notas?

Si, ho, si, sexamos “amables” e/ou “harmónicos”..., pero en todo, non só na lingua!

O Fachineiro da Quenlla

Parabéns

Poucas veces un premio está tan ben outorgado coma o Pedrón de Ouro do ano 2009, que nesta edición distingue o traballo de Mini e Mero. Recíbennos por dedicaren toda a súa vida a recollenen melodías e letras do noso patrimonio oral, unha tarefa imprescindible e inaprazable se temos en conta que moitas delas van ligadas a un mundo rural que debece e desaparece. E aínda dixeron facelo por egoísmo, polo pracer de beberen da fonte limpa da cultura tradicional! Pero esta angueira de paixón etnográfica é só unha de moitas. Os



irimegos sabemos ben que o premio que van recibir o próximo día 24 por esa razón ben o podían ter recibido por outro milleiro delas. Calquera que lea unha crónica sobre Mini e Mero ha atopar a mesma selección léxica: compromiso, lingua, loita, Galicia, autenticidade, xenerosidade, amabilidade. Levan acompasado moitas romaxes e este por este fachineiro quere coarse unha airexa de agradecemento polo moito que lles debemos.

A.Q.